



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia da arte contemporánea

Materia	Historia da arte contemporánea			
Código	O02G251V01602			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Nodar Fernández, Victoriano			
Profesorado	Nodar Fernández, Victoriano			
Correo-e	vnodar@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia de Historia da Arte Contemporánea abarca temporalmente dende o derradeiro cuarto do século XVIII ata o momento actual. Arquitectura, escultura e pintura.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte
D2	Aplicación dos coñecementos
D8	Compromiso ético e responsabilidade social
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
D12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza
D13	Iniciativa e espírito emprendedor
D14	Motivación pola calidade
D16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	A2	B5	C28 C34	D2 D11 D14 D16
Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado		B5	C34	D8 D11 D14 D16
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.		B5	C34	D2 D8 D12 D13 D14

Contidos	
Tema	
I.-ORIXES E FUNDAMENTOS DÁ ARTE NA IDADE CONTEMPORÁNEA. A ARTE DÁ ILUSTRACIÓN.	1. Neoclasicismo 2. Prerromantismo
II.- O SÉCULO XIX E OS MOVEMENTOS ARTÍSTICOS NO CAMBIO DE SÉCULO.	1.-Romantismo 2.- Realismo 3.- Revolución, renovación e decadentismo: do Impresionismo ao Postimpresionismo
III.- O SÉCULO XX. VANGARDAS HISTÓRICAS. A ARTE DESPOIS DE 1945.	1.- Vanguardas Históricas: primeiras vangardas e período de entreguerras 2.- As segundas vangardas. Arte de 1945 a 1970. 3.- A Posmodernidade e as tendencias máis actuais.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	24	30	54
Traballo tutelado	7	20	27
Eventos científicos	2	2	4
Resolución de problemas	6	10	16
Seminario	5	0	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12
Presentación	1	4	5
Observación sistemática	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia e toma de contacto co alumnado.
Lección maxistral	Exposición e explicación dos contidos da materia por parte do profesor.
Traballo tutelado	Traballos sobre algún aspecto relacionado coa arte contemporánea.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas desde o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Resolución de problemas	Comentario de textos e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea.
Seminario	Seguimento do avance e resolución de problemas relacionados coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Traballarase co alumnado individualmente ou en grupo, sobre a realización de comentario de textos e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Traballo tutelado	Traballarase cos alumnos individualmente ou en grupo, tanto as fontes necesarias para a realización dos seus traballos e os problemas teóricos ou prácticos que poidan xurdir. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).
Seminario	Traballarase cos alumnos individualmente ou en grupo, tanto as fontes necesarias para a realización dos seus traballos e os problemas teóricos ou prácticos que poidan xurdir. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en FaiTic).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	Traballo monográfico sobre un artista ou movemento relacionados coa Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	20	A2 B5	C28 C34	D2 D8 D11 D14 D16
Resolución de problemas	Presentación e entrega de comentarios de texto e/ou imaxes de obras de arte relacionadas coas diferentes tendencias da Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	B5	C28 C34	D2 D11 D14 D16
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba teórica consistente no desenvolvemento dun tema no que se deberán relacionar ideas de diferentes momentos ou tendencias da Arte Contemporánea. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	B5	C28 C34	D2 D11 D13 D14 D16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba consistente nun comentario breve de cinco obras de arte relacionadas co temario. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 5 puntos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	20	B5	C28 C34	D2 D11 D14 D16
Presentación	Presentación dos resultados do traballo monográfico sobre un artista ou movemento relacionado coa Arte Contemporánea. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: O coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	10		C34	D2 D8 D12 D13 D14
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado, a través da realización de cuestionarios sobre os contidos da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia. Lectura da obra de arte como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	10	A2 B5	C28 C34	D2 D11 D14 D16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que supoñerá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio,

que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ARIAS ANGLÉS, Enrique, **Del Neoclasicismo al Impresionismo. Historia del arte español 3**, Akal, 1999
- GOMBRICH, Ernst, **La Historia del Arte**, Debate, 1997
- ROSENBLUM, Robert / JANSON, H.W., **El arte del siglo XIX**, Akal, 1992
- SCHAPIRO, Meyer, **El arte moderno**, Alianza, 1993
- ANTIGÜEDAD DEL CASTILLO-OLIVARES, M^a Dolores et aliis, **el arte del siglo XIX**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2010
- ARNALDO, Javier, **El movimiento romántico**, Historia 16, 1989
- GARCÍA MELERO, José Enrique, **Historia del Arte Moderno. vol. IV. el arte del siglo XVIII**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2011
- RODRÍGUEZ RUIZ, Delfín, **Barroco e Ilustración en Europa**, Historia 16, 1989

Bibliografía Complementaria

- ARGAN, Giulio Carlo, **El arte moderno. Del Iluminismo a los movimientos contemporáneos**, Akal, 1991
- BOZAL FERNANDEZ, Valeriano (Ed), **Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas, Vol I y II**, Visor, 1996
- CHIPP, Herschel B., **Teorías del arte contporáneo. Fuentes artísticas y opiniones críticas**, Akal, 1995
- CURTIS, William JR, **La Arquitectura Moderna desde 1900**, Hermann Blume, 1986
- DAIX, Pierre, **Historia cultural del arte moderno. De David a Cézanne**, Cátedra, 2002
- DAIX, Pierre, **Historia cultural del arte moderno. El siglo XX**, Cátedra, 2002
- EISENMAN, Stephen F. (et al.), **Historia crítica del arte del siglo XIX**, Akal, 2001
- FER, Briony / BATCHELOR, David / WOOD, Paul, **Realismo, Racionalismo, Surrealismo**, Akal, 1999
- FOSTER, Hal / KRAUSS, Rosalind / BOIS, Yve-Alain / BUCHLOH, Benjamin H.D., **Arte desde 1900. Modernidad, antimodernidad, posmodernidad**, Akal, 2006
- HAMILTON, George Heard, **Pintura y escultura en Europa 1880/1940**, Cátedra, 1989
- HARRISON, Charles /FRASCINA, Francis / PERRY, Gill, **Primitivismo, Cubismo yAbstracción**, Akal, 1998
- HEREU, Pere / MONTANER, Josep María / OLIVERAS, Jordi, **Textos de arquiteutura de la modernidad**, Nerea, 1994
- HERNANDO, Javier, **Arquitectura en España 1770-1900**, Cátedra, 1989
- HITCHCOCK, Henry Russell, **Arquitectura de los siglos XIX y XX**, Cátedra, 1985
- HONOUR, Hugh, **Neoclasicismo**, Xarait, 1982
- LUCIE-SMITH, Edward, **Movimientos artísticos desde 1945**, Destino, 1993
- MARCHÁN FIZ, Simón, **Fin de siglo y los primeros (1890-1917)**, Espasa Calpe, 1994
- MARCHÁN FIZ, Simón, **Las vanguardis históricas y sus sombras (1917-1930)**, Espasa Calpe, 1995
- MARCHÁN FIZ, Simón, **Del arte objetual al arte concepto (1960-1974)**, Akal, 1986
- MORALES YMARÍN, José Luis, **Pintura en España 1750-1808**, Cátedra, 1994
- NOVOTNY, Fritz, **Pintura y escultura en Europa 1780-1880**, Cátedra, 2008
- REYERO HERMOSILLA, Carlos / FREIXA, Mireia, **Pintura y escultura en España 1800-1910**, Cátedra, 2005
- RODRIGUEZ LLERA, Ramón, **El arte enel siglo XX**, Creaciones Vincent Gabrielle, 2009
- URRUTIA, Ángel, **Arquitectura española. Siglo XX**, Cátedra, 1997

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

- Arte: Arte clásica/O02G251V01203
- Historia da arte medieval/O02G251V01404
- Historia da arte moderna/O02G251V01502

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento

da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.